

## Número de permisos:

O número de permisos diarios será de oito, incluíndo sábados, domingos e festivos e reservarase o 25% destes para menores de 16 anos.

## Artes e engados permitidos:

Só estará permitida unha cana con mosca de superficie (máximo 3 moscas), tanto na modalidade de mosca con boia como na de mosca con cola de rata. Queda prohibido calquera outro tipo de arte ou engado.

## Normas de conducta e prohibicións:

—Cando se realice unha captura, procederase obrigatoriamente a molla-la man para suxeita-la peza e desenganchala coa finalidade de non dañala, restituíndoa ás augas de xeito inmediato.

—Prohíbese levar ó couto outras artes ou engados non permitidos, aínda que non se utilicen.

—Prohíbese a tenza e o transporte de calquera peixe polas inmediacións do río Coroño e dos seus afluentes da zona acoutada, agás se é unha peza permitida de máis de 30 cm e se está en posesión do permiso do couto.

—Será obrigatorio facilitar e amosa-lo contido de cestos, petos, vehículos, etc., cando sexa requirido por axentes da autoridade competentes no control e vixilancia das augas.

—Prohíbese o desprazamento polo curso fluvial durante a práctica da pesca, podendo non obstante, tomar postura fixa dentro da auga, sendo obrigatorio saír do río cando se desexe cambiar de postura.

—Prohíbese alterar ou descompoñe-lo leito do río.

—Só está permitido o baño nas zonas sinaladas para o efecto. Neste caso, o bañista terá preferencia sobre o pescador.

—Prohíbese cortar, destruír ou modificar de xeito significativo a vexetación acuática, de ribeira e da zona de servidume.

—Prohíbese botar ou verter ás augas, ribeiras e zona de servidume, calquera tipo de lixo ou desperdicios.

—Manterase en todo momento un comportamento cívico e de respecto co medio ambiente natural do río.

—A todo o non reflectido neste regulamento aplicáraselle a Lei 7/1992, de pesca fluvial de Galicia.

## CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE

*Decreto 111/1993, do 22 de maio, polo que se recoñece ó Museo do Pobo Galego como centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicos de Galicia.*

O artigo 27º 18 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de museos de interese para Galicia, así como o deber de fomentar e patrocinar un sistema de museos que constitúa un soporte cultural operativo para a mellor xestión e o cumprimento das finalidades que lle son propias a este tipo de institucións.

Dentro deste deseño considérase conveniente contar cun único centro que actúe como cabeceira simbólica de tódolos museos e coleccións, públicos e privados, integrados no sistema, cos obxectivos de conservación, estudo e difusión de todo o patrimonio antropolóxico e histórico de Galicia.

O Museo do Pobo Galego é unha institución sen fin de lucro, de carácter cultural, legalmente recoñecida, que ten como obxectivos fundamentais a investigación, estudo, difusión, conservación, defensa e promoción da cultura galega e, como afán principal, a súa normalización cara á sociedade. A súa actividade está orientada a facilita-lo coñecemento e estudo desa cultura como conxunto ordenado, espertando o interese xeral pola súa realidade e polos seus problemas e propiciando a necesaria identificación dos galegos coa súa personalidade colectiva.

Creado en 1976, baixo os auspicios dun padroado con carácter de asociación de ámbito galego, no que están representadas diversas corporacións públicas e entidades científicas e culturais de Galicia, ten no seu haber unha ampla executoria como centro museístico e de exposicións, organización de actividades científicas e de investigación, divulgación cultural e publicacións. A isto hai que engadi-lo sinalado labor de recuperación do patrimonio monumental, levado a cabo no antigo convento de San Domingos de Bonaval, e do patrimonio etnográfico que se exhibe e custodia neste centro nos seus máis diversos aspectos.

Polas ditas razóns, e atendendo a crecente demanda social de recuperación, estudo e conservación do patrimonio antropolóxico e histórico da nosa comunidade, o Museo do Pobo Galego non só actúa de feito como referente e estímulo para a creación doutros museos e coleccións de carácter semellante en toda Galicia, senón que pode ser considerado como esa cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos antropolóxicos de Galicia.

Por todo o anterior e por proposta do conselleiro de Cultura e Xuventude e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte-dous de maio de mil novecentos noventa e tres,

## DISPOÑO:

## Artigo 1º

Recoñéceselle ó Museo do Pobo Galego a competencia para actuar como centro sintetizador de tódolos museos e coleccións públicos e privados integrados no sistema galego de museos dedicados ó estudio, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropolóxico de Galicia.

## Artigo 2º

Este recoñecemento, que levaráa aparelados os efectos técnicos e recursos económicos suficientes en canto á protección e apoio que lle prestará á Xunta de Galicia, non alterará a súa natureza, o seu réxime xurídico, a súa organización nin a súa denominación.

## Disposicións derradeiras

Primeira.—Facúltase o conselleiro de Cultura e Xuventude, de acordo co padroado do Museo do Pobo Galego, para dictar cantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento deste decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vintedous de maio de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Daniel Barata Quintas  
Conselleiro de Cultura e Xuventude

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Resolución do 14 de maio de 1993, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 01/0000471/1993, interposto por María Jesús Torviso Guerra.*

Con data 10 de maio de 1993, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas recibe da sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, notificación da providencia pola que se admite o recurso contencioso-administrativo nº 471/1993 interposto pola recorrente contra Resolución do 10-11-1992 da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas desestimatoria de reposición contra Resolución do 22-3-1991, sobre concurso-oposición libre para ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 64º da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, modificada pola Lei 10/1992, do 30 de abril, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral

coñecemento a tódalas persoas interesadas no procedemento e quedan emprazadas para que poidan comparecer en forma e presentarse en autos na Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 1993.

Carlos Negreira Souto  
Director xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saude

## CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

*Corrección de erros.—Orde do 22 de marzo de 1993 pola que se aproba o cambio de dominio de varias bateas (Josefa e Josefa número 1).*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 74, do 21-4-1993, cómpre efectuar as oportunas modificacións:

Na páxina 2.849, no parágrafo referente á batea Josefa onde di: «Cultivo: Ostra», ten que dicir: «Mexillón»; onde di: «Anterior concesionario: Josefa Encarnación López Cores», ten que dicir: «Josefa Encarnación López Varela»; e onde di: «Novo titular da concesión: Ventura López Varela», ten que dicir: «Ventura García Cores».

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 3 de maio de 1993 pola que se fai pública a designación da comisión que resolverá o concurso para a provisión da praza 92/065 de corpos docentes universitarios convocado por esta universidade.*

En cumprimento do disposto no artigo 6º 8 do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro, modificado polo Real decreto 1.427/1986, do 13 de xuño, e unha vez designado o presidente e vocal secretario por esta universidade e celebrados os oportunos sorteos establecidos no artigo 6º 6 do mencionado real decreto, mediante o que foron designados polo Consello de Universidades os vocais correspondentes.

Este rectorado fai pública a composición da comisión que resolverá o concurso para a provisión da praza de profesorado desta universidade número 92/065, convocada por resolución rectoral do 20 de outubro de 1992 (BOE do 6 de novembro, DOG do 11 de novembro), comisión que se relaciona como anexo a esta resolución.